



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e CEGASAL para a difusión, Información e Orientación do Procedemento da cualificación profesional adquirida pola experiencia laboral no ámbito da comunidade autónoma de Galicia financiado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e pola Unión Europea – NEXT GENERATION EU.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, DECLARA:

Que este Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou con CEGASAL o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e CEGASAL para a participación do presente convenio no procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. O procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral e/ou formación non formal queda establecido na Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de Ordenación e Integración da Formación Profesional, que regula, no ámbito da competencia exclusiva atribuída ao Estado polo artigo 149.1.1.a e 30.a, coa cooperación das Comunidades Autónomas, o Sistema Nacional de Formación Profesional que dota de unidade, coherencia e eficacia á planificación, ordenación e administración desta realidade,





co fin de facilitar a integración das distintas formas de certificación e acreditación das competencias e das cualificacións profesionais.

Aos efectos desta Lei enténdese que lle corresponde ao Sistema Nacional de Formación Profesional promover e desenvolver a avaliación e acreditación das correspondentes competencias profesionais. De acordo con iso, a citada Lei orgánica regula no título VI, entre os instrumentos e accións que forman o Sistema Nacional de Formación Profesional "un procedemento de recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro das cualificacións profesionais".

A avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, de acordo co artigo 90 da citada Lei Orgánica, terá como referente o Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais e desenvolverase seguindo criterios que garantan a fiabilidade, obxectividade e rigor técnico da avaliación.

2. A Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de Ordenación e Integración da Formación Profesional, establece, no artigo 91.2 que "Promoverase a implicación directa das empresas u organismos equiparados como destinatarias do procedemento, de maneira que a participación das persoas traballadoras sexa facilitada e xestionada conxuntamente entre as administracións, os axentes socias e as empresas e organismos".

Así mesmo, segundo establece o apartado 3 c) "As administracións públicas deberán adoptar, conxuntamente coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas concernidas en cada territorio, as medidas adecuadas para asegurar o efectivo acceso ao procedemento considerando as necesidades tanto de empresas ou organismos equiparados e sectores profesionais e produtivos, como as de colectivos con especiais dificultades de inserción ou integración laboral."

E finalmente o apartado 4 indica que: "As organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como outros axentes implicados deberán promover entre persoas traballadoras e empresas ou organismos equiparados o valor engadido de acreditar as competencias de todos os traballadores, así como colaborar na súa difusión, seguimento e avaliación".





3. O Real decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 174, do 22 de xullo, contempla, no artigo 178 que: "As administracións competentes deseñarán, conxuntamente coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como con asociacións sectoriais representativas, plans estratéxicos anuais para promover e fomentar a acreditación de competencias profesionais entre a súa poboación activa ata que, polo menos o 80 % da mesma conte coas súas competencias profesionais acreditadas.

As administracións competentes, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas, así como con outras organizacións vinculadas ao tecido económico e social, poñerán en marcha iniciativas que garantan a máxima difusión do procedemento".

Así mesmo, o artigo 181 establece que "A información e orientación sobre o procedemento poderá realizarse por administracións autonómicas e locais, axentes sociais e económicos, e organizacións e entidades públicas e privadas".

En Galicia, o procedemento de acreditación de competencias profesionais desenvólvese a través da ORDE do 4 de xuño de 2021 pola que se regula, no ámbito do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral para unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais (código de procedemento ED517B).

4. O Plan de Modernización da Formación Profesional do Ministerio de Educación e Formación Profesional recolle como o seu primeiro ámbito estratéxico o recoñecemento e acreditación das competencias básicas e profesionais adquiridas a través da experiencia laboral. A súa Liña 1.3, establece a posta en marcha de plans de acreditación de competencias por sectores e empresas, coa colaboración das organizacións sindicais e empresariais de cada sector.

Para iso, indica que se iniciarán actuacións concretas en sectores nos que se identifique a ausencia de recoñecemento das competencias profesionais por parte dos traballadores. E dito proceso se levará a cabo en colaboración coas organizacións sindicais e as empresas, de modo que se aborde a acreditación de competencias de todo o persoal que non dispoña de titulación.





5. O Programa de Cooperación Territorial do Ministerio de Educación e Formación Profesional, cofinanciado pola Comisión Europea, prevé un financiamento extraordinario para levar a cabo a Liña de actuación en materia de recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral. Conforme cos criterios de distribución de fondos aprobados en Conferencia Sectorial de Educación, a Comunidade Autónoma de Galicia participará na execución desta actuación para a posta en marcha dun procedemento de recoñecemento e acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral. O acceso a empresas e poboación activa é imprescindible para o éxito desta actuación.

6. A Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu Estatuto de Autonomía, a competencia en Educación, e en particular a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o departamento da Xunta de Galicia ao que corresponden entre outras funcións en materia educativa, a planificación, regulación e administración das ensinanzas regradas en toda a súa extensión, niveis, grados, modalidades e especialidades, entre as que se atopan a acreditación de unidades de competencia profesionais no ámbito da formación profesional.

7. CEGASAL, é unha organización sen ánimo de lucro e de carácter asociativo, cuxos obxectivos contemplan a defensa dos intereses empresariais e a realización de acción de información e formación para a mellora do emprego, que actúa no territorio da comunidade autónoma de Galicia.

Para ese efecto, é de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia establecer un marco de colaboración cos interlocutores sociais para pór en marcha un sistema de sensibilización de empresas, traballadores e traballadoras, difusión, captación e inscrición de candidatos. En exercicio das competencias sinaladas, a Comunidade Autónoma de Galicia, considera de indubidable interese a realización dun convenio con CEGASAL, para identificar a súa participación no procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais.

A subscrición do presente Convenio asegura e garante que o proceso se realiza baixo criterios de eficacia e eficiencia, que permita unha avaliación dos obxectivos alcanzados.



8. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e CEGASAL están de acordo na necesidade e oportunidade de colaborar na sensibilización, difusión, captación e inscrición de candidatos no procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais, nos termos establecidos no presente convenio.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

María Eugenia Pérez Fernández

Directora xeral de Formación Profesional

